

**Os mellores segundo a AELG.** O pasado 17 de abril celebrouse en Compostela a Cea das Letras, un dos actos máis destacados da Asociación de Escritores en Lingua Galega, durante a que se deron a coñecer os premios ás mellores obras publicadas en 2009. Xesús Alonso Montero fíxose co galardón na categoría de ensaio con *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, Agustín Fernández Paz na de literatura infantil e xuvenil por *Luz do Senegal*, Luz Pozo na de poesía por *Deter o día cunha flor*, Xosé Cid Cabido na de narrativa por *Unha historia que non vou contar* e, Rubén Ruibal na de teatro por *Delimvois*. O premio á mellor tradución recaeu en Bartug Aykam e María Alonso Seisdedos por *O museo da inocencia*, o de mellor blog literario foi para Manuel Bragado mentres que Manuel Rivas recibiu o galardón a mellor traxectoria xornalística e o *Salón do Libro Infantil e Xuvenil* de Pontevedra o de mellor institución. No acto entregouse tamén o premio de Escritor Galego Universal a Juan Gelman. ●



Juan Gelman, Agustín Fernández Paz,  
Manuel Rivas e Luz Pozo.

**CULTURA.29.**

**AVOSATERRA**  
22-28 DE ABRIL DE 2010